

## Señores, non xoguen coa nosa saúde

A mediados do mes de xullo, desde CCOO enviouse unha carta á Zona de Málaga na que se poñía de manifesto a situación cada día máis preocupante do incremento constante das cargas de traballo que se vive, en concreto, en seis oficinas desta zona. Esta situación, ende mal, non é un feito illado destas oficinas, senón que na gran maioría de oficinas desta empresa se viven situacións similares. A fins de xullo tivemos resposta por parte do director de Relacións Laborais; dicíanos que cinco destas oficinas teñen un sobranse de recursos humanos e que este non é o problema. En definitiva, coma se fora “o xogo de *trileros*”, que sempre aparece a bóla polo lugar máis inverosímil.


Tamén a fins de xullo, enviáronnos os resultados da avaliación de riscos psicosociais, que reflicte as respostas da enquisa que se fixo en outubro do 2006. Non facía falta ser demasiado intelixente para intuír cal sería o resultado; só fai falta vivir e coñecer que situacións se viven nos postos de traballo. Do total de enquisas de oficinas, tírase que un 60% do persoal vive como unha insatisfacción importante o nivel de carga mental. Como consecuencia, e seguindo as recomendacións do método que a empresa utilizou para facer a avaliación (Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo), o banco debe tomar medidas correctoras nun curto período.

A empresa, supoñemos que por facer unhas «medidas de choque de impacto», o 10 de agosto revisou e modificou a normativa de seguridade en oficinas. Que comportarán estas modificacións?, pois máis sufrimento, máis angustia e máis cargas de traballo. Esta revisión implica que a partir de agora e de forma “normal” poden estar dúas persoas soas nunha oficina, e claro, unha tamén. Editouse unha normativa especial para solucionar o tema das dúas persoas obrigatorias para a apertura de caixa; tamén se habilitou desde informática que unha mesma persoa poida estar identificada en varios terminais ao tempo. Sinxelamente, trátase de ir adaptando as cousas á realidade virtual que ELES queren, prescindindo totalmente das persoas. Actúan xuto á inversa do que se prevé na Lei de prevención de riscos laborais. A lei di que os postos de traballo han de adaptarse ás persoas, e en cambio nesta empresa hai unha grave confusión: fan que as persoas teñan que se adaptar aos postos de traballo e ás necesidades da empresa. Para isto serviu a famosa sinatura do Plan de Prevención?

Resulta do todo urxente que a empresa promova políticas que tendan a mellorar as condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras. Fai falta un cambio de rumbo urxente na organización do traballo. Falta formación, faltan recursos humanos e materiais, falta potenciar os equipos de suplencias, falta un bo dimensionado das oficinas. En definitiva, cómpre humanizar o traballo, non é lóxico que o persoal vaia deixando a súa saúde para tentar paliar as carencias organizativas desta empresa.

Setembro de 2007

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>**

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome .....		Ofi.:		
Domicilio .....				
Poboación .....		C.P.:		
Cta. de cargo .....			DNI	Data / /
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				